



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA OITO DE MAIO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
 D^a. MARGARITA DEvesa CARDELLE
 D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
 D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día oito de maio de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e tres de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 201200000000540 de don José Luís Vasucas Martínez.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a construción de entrada á finca, colocando piares e cerres laterais para colocación de portal, en Cimadevila, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de agrícola (R-2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m. de distancia dende o eixe do vial municipal por ser un vial en solo rústico; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoto euros con tres céntimos (#18,03#).



2.2.-Instancia núm. 201200000000477 de dona Cristina Rizo Liñares.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción auxiliar anexa á vivenda, situada en Trasariz – San Fins de Sales, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; núm. Plantas baixa; altura máxima da cornixa 2,44 m. e un coeficiente inferior ao 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Orlando Ledo Araujo cun orzamento de 2.805,09 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e dun ano para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras construírse de acordo co proxecto presentado.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e seis euros con dez céntimos (#56,10#).

2.3.- Instancia núm. 201200000000593 de don Angel Taboada Sánchez.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción dun alpendre en Fufín, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N2) , cunha ocupación máxima inferior ao 10% da parcela neta; núm. Plantas B. Altura máxima da cornixa menor a 3,50 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Antonio Sabucedo Costa cun orzamento de 3.000,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ao proxecto presentado

2º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (241,50 m²).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta euros (#60,00#).

2.4.- Instancia núm. 201200000000542 de dona M^a Hermitas Rosario Castro Tato.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Teo, solicita licenza para a reconstrución dun muro de peche, no lugar de Noceda –Trobe, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: por tratarse dunha consolidación dun muro existente, manteranse as trazas, alturas e materiais orixinais, tratando de adaptar ao tipo construtivo de peches tradicionais da zona; garantirase o natural



discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia. Ademais respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoto euros con tres céntimos (#18,03#).

2.5.- Instancia núm. 201100000001910 de don Diego Maril Mosquera e dona Eva Morquecho Sarasquete.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Xián de Sales, solicitan licenza para a rehabilitación de vivenda unifamiliar situada en Paradela, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; núm. Plantas B. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polos arquitectos don Juan Pinto Tasende e don Pablo Tomé Ferreiro cun orzamento de 60.200,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e antes de comezar as obras deberán presentar no concello o oficio de dirección de execución de obra do aparelador e o compromiso de conexión a servizos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil douscentos catro euros (#1.204,00#).

2.6.- Instancia núm. 1.725/12 de dona Teresa Agrelo Rey.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para proceder á segregación da parcela 19 da zona de concentración parcelaria de Ponte Ulla, situada en Caldelas, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de especial protección paisaxística (R-7), en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro agrícola don Francisco J. Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas municipais que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

3º.- Acordo, se procede, sobre declaración de incursión en situación de fóra de ordenación total de edificacións

3.1.- Instancia núm. 201200000000508 de dona Luísa López Rey.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total



para a súa vivenda situada no núm. 21 do lugar de Argunte, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto don Jesús Estévez Loureiro.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total a vivenda situada no número 21 do lugar de Argunte, nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de novecentos vinte euros con vinte e catro céntimos (#920,24#).

3.2.- Instancia núm. 201200000000466 de don Adolfo Orosa Canabal.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para a súa vivenda situada no lugar de Agrelo -Santa Cruz de Ribadulla, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto don Álvaro Vidal García.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total a vivenda situada no número 10 do lugar de Agrelo, nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de dous mil catrocentos trinta e catro euros con dous céntimos (#2.434,02#).

3.3.- Instancia núm. 201200000000464 de don José Manuel Montero Mato.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para a súa vivenda situada no lugar de Corbeixe -San Mamede de Ribadulla, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto don Álvaro Vidal García.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:



Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total a vivenda situada no número 5 do lugar de Corbeixe, nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de mil cento oitenta e seis euros con dez céntimos (#1.186,10#).

3.4.- Instancia núm. 201200000000463 de don José Lema Louzao.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para a súa vivenda situada no lugar de Torre de Arriba, nº 6 -Santa Cruz de Ribadulla, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto técnico don Álvaro Vidal García.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total a vivenda situada no número 6 do lugar de Torre de Arriba -Santa Cruz de Ribadulla, nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de cincocentos vinte e sete euros con sete céntimos (#527,07#).

4º.- Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento destinado a café-bar en Santa Cruz de Ribadulla.

Vista a solicitude núm. 536/2012 presentada por José M. Rodríguez Millán, para transmisión da titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a Café-Bar, sito no número 31 do lugar de Galegos da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, deste termo.

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 30/03/1983, e tendo en conta que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:



Primeiro.- Autorizar a transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que determinaron a concesión da licenza no seu día.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cento vinte euros con vinte céntimos (#120,20#) xa ingresadas previamente nas arcas municipais, requisito sen o cal esta licenza non tería efecto algún.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitente e ao adquirente.

5º.- Acordo, se procede, sobre a aprobación definitiva de padróns fiscais de taxas municipais do exercicio 2012.

5.1.- Padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*.

Dáse conta dos listados definitivos correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2012*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 39, do 27/02/2012) e logo da realización das actuacións de xestión tributaria que foron pertinentes.

Estudados os mesmos, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2012*, coas seguintes cifras definitivas:

Número total de recibos: 1.979.

Importe total do padrón: 135.183,08 euros.

2º.- Remitir o citado padrón á Excm. Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita no seu día.

5.2.- Padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros*.

Dáse conta dos listados definitivos correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2012*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 39, do 27/02/2012) e logo da realización das actuacións de xestión tributaria que foron pertinentes.

Estudados os mesmos, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2012*, coas seguintes cifras definitivas:

Número total de recibos: 383.

Importe total do padrón: 13.476,00 euros.

2º.- Remitir o citado padrón á Excm. Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita no seu día.

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de abril do ano que andamos, pola que se acepta a oferta económica presentada pola empresa Servinor Prevención, S.L para a realización de actividades de prevención e seguridade da saúde no



concello de Vedra, e ordénase que se lle comunique antes do 16/05/2012 a rescisión do contrato de prevención e seguridade da saúde á empresa MC Prevención.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de abril do ano que andamos, pola que en relación ao expediente de reposición da legalidade instruído respecto das actuacións consistentes na construción de piares para a colocación de portal en A Torre - San Xián de Sales, ordénaselle ao promotor das mesmas, don José Manuel González de la Torre, que proceda no prazo de un mes á súa demolición, xa que os actos son incompatibles co planeamento urbanístico, e que de non ser así procederase á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7º.- Outros asuntos

7.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Dáse conta do escrito núm. 687/11 no que dona Gloria Paz Rey Álvarez, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 77% , segundo certificado médico emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

7.2.- --Acheга do Concello á Festa da Camelia

A Xunta de Goberno acorda aprobar unha asignación á Asociación Amigos da Camelia do Val do Ulla por importe de dous mil cincocentos (#2.500,00#) euros para premios da XVIII Edición das Xornadas arredor da camelia.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos.